



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DO HÓRREO
O 23 DE DECEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se regulan as condicións da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.
- Decreto polo que se aproba o Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2021.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Acondicionamento da AC-423 (1ª fase). Puntos quilométricos 0+000 - 5+350, de clave AC/19/010.10, nos concellos de Coristanco e Cabana de Bergantiños (A Coruña).
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Mellora da capacidade do enlace da vía de altas prestacións (VAP) AG-41 coa PO-504 en Sanxenxo, de clave PO/18/119.01, no concello de Sanxenxo (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do Fondo de Asistencia Social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2021, en réxime de concorrència competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociación veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por un importe de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00€).
- Acordo polo que se aproba o Plan de protección civil de atención ao peregrino 2021 (PAP 2021).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Carballo para reducir o risco de inundación na ARPSI do río Anllóns, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, e se convocan para o ano 2021, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza contratación de servizos de redacción para a tramitación urbanística, anteproxecto, proxecto básico e de execución, de expropiación por taxación conxunta, dirección facultativa da obra e control e vixilancia do novo complexo hospitalario Universitario da Coruña, por importe de sete millóns cincocentos noventa e nove mil catrocentos vinte e catro euros con trinta e cinco céntimos (7.599.424,35€), e un valor estimado de seis millóns



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

douscentos oitenta mil cincocentos quince euros con noventa e nove céntimos (6.280.515,99€).

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de stents coronarios con destino ás áreas sanitarias da Coruña e Cee; Santiago de Compostela e Barbanza; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, e Vigo, por un importe total de oitocentos oitenta e oito mil douscentos cincuenta euros (888.250,00€) con IVE e un valor estimado de catro millóns oitocentos corenta e cinco mil euros (4.845.000,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de carácter plurianual e a exención das garantías ao abeiro do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declaradas en situación de garda con fins adoptivos no ano 2021 e se procede á súa convocatoria (código do procedemento BS403B). Importe total: trinta e dous millóns cento oitenta e dous mil cincocentos euros (32.182.500,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2021, entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para a execución do Programa de integración familiar. Importe: seiscentos cincuenta e cinco mil seiscentos setenta e un euros con vinte e un céntimos (655.671,21€).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as bases reguladoras das axudas para proxectos de equipamentos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria para o ano 2021.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre as ordes de axudas para a mellora de infraestruturas en parques empresariais e para a creación de viveiros industriais en Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre a convocatoria do paquete de axudas en materia de indemnización e prevención de danos ocasionados por fauna silvestre para 2021 (lobo, xabaril e oso pardo).
- Informe sobre a plataforma informática de núcleos rurais abandonados.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da 4ª adquisición de bens, contratación de servizos e pequenas obras para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de dous millóns novecientos cincuenta e un mil catrocentos cincuenta e seis euros con vinte e catro céntimos (2.951.456,24 €) na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o resultado das negociacións levadas a cabo no Consello de Ministros de Pesca da UE, sobre o establecemento de TAC e cotas de pesca para o vindeiro ano 2021 e influencia sobre as frotas galegas.

A XUNTA APROBA A PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA GARANTIR O NORMAL FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS E OS PAGAMENTOS AOS PROVEDORES

- *Tamén permitirá aboar de xeito ordinario os salarios dos empregados públicos, as prestacións por dependencia ou a Risga*
- *Quedan excluídos os gastos de actuacións que rematan no actual exercicio*
- *O orzamento prorrogado adaptarase para recoller todas as modificacións consolidables aprobadas este ano, coma os cambios na estrutura da Xunta*
- *A prórroga tamén autoriza a tramitar anticipos de gasto, o que permitirá axilizar proxectos antes da aprobación do novo orzamento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de prórroga dos actuais orzamentos, que se aplicará ata que entren en vigor as contas públicas para 2021 xa aprobadas polo Goberno galego e que están a ser tramitadas no Parlamento. Esta prórroga xa está prevista na lexislación autonómica e permitirá garantir o normal funcionamento da Administración autonómica e dos servizos públicos que presta, nomeadamente no eido sanitario, educativo e dos servizos sociais.

A prórroga regula o aboamento ordinario das retribucións dos empregados públicos da Xunta, as prestacións por dependencia ou a renda de integración social (Risga), así como os pagamentos aos provedores da Administración galega.

O decreto establece que quedan excluídos da prórroga aqueles gastos correspondentes a actuacións que deben quedar ultimadas ao finalizar o exercicio 2020, así como aquelas actuacións financiadas con fondos finalistas non prorrogables. En canto aos ingresos, a prórroga non afectará aquelas normas de vixencia indefinida que poida recoller a Lei de orzamentos, e que seguirán estando vixentes.

Ademais, o orzamento prorrogado adaptarase para recoller todas as modificacións aprobadas ao longo deste ano, e que non figuraban no orzamento inicial, como por exemplo os cambios na estrutura da Xunta.

Así, no referente ao gasto corrente, durante a vixencia da prórroga, a Administración galega tramitará os expedientes de gasto polos gastos ordinarios de funcionamento precisos para a prestación dos servizos públicos, e tamén polos compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores.

Investimentos e anticipos de gasto

En canto aos investimentos, a Xunta tamén tramitará, entre outros, os expedientes de gastos polos compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores, o que por



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

exemplo evitará dilacións na execución de infraestruturas. O decreto de prórroga establece tamén que a Xunta de Galicia non procederá á tramitación de ningún expediente novo, agás nos supostos de expedientes de gasto de urxente e inaprazable necesidade.

O decreto de prórroga tamén autoriza a Xunta para atender os expedientes de gasto de tramitación anticipada. Estes anticipos de gasto permitirán axilizar proxectos antes da aprobación do novo orzamento, evitando así dilacións.

Entrada en vigor

A prórroga dos actuais orzamentos entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro e aplicarase ata que a Cámara autonómica dea luz verde ao proxecto de lei de orzamentos para 2021, aprobado pola Goberno galego o pasado 20 de novembro.

Os orzamentos da Xunta prorróganse como consecuencia do atraso na achega por parte do Goberno central da información mínima necesaria para poder elaborar o teito de gasto e que, pola súa vez, provocou un atraso de máis de dous meses sobre o ciclo orzamentario habitual.

A Xunta xa habilitou este mecanismo nos dous primeiros meses de 2013 pola convocatoria de eleccións en outubro de 2012 e a finais do ano 2016 tamén pola convocatoria electoral dese mesmo ano.

A XUNTA PUBLICARÁ 192 ESTATÍSTICAS EN 2021, CON NOVAS ANÁLISES SOBRE POBOACIÓN, SOCIEDADE, ECONOMÍA OU MUNDO LABORAL

- *O programa do ano que vén inclúe 151 estatísticas propias e 41 actuacións para avanzar na difusión e análise de toda a información dispoñible sobre Galicia*
- *Seguirán a executarse as grandes enquisas como a EPA ou a enquisa estrutural a fogares*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico da Comunidade Autónoma para 2021, a través do cal a Xunta realizará o vindeiro ano 192 estatísticas. Delas, 151 céntranse na poboación, sociedade, economía e mundo laboral que aumentan a oferta informativa para Galicia, proporcionada polos sistemas estatísticos estatal e europeo. As 41 actuacións restantes permitirán afondar na difusión de toda a información dispoñible sobre Galicia.

No ámbito social, algunhas propostas céntranse en afondar nos indicadores sobre a estrutura salarial, a infancia ou a adolescencia. Realizarase tamén unha enquisa para estimar o impacto da covid na economía e nas relacións laborais, sociais e familiares das galegas e galegos.

No plano económico procurarase nova información global sobre empresas multilocalizadas e actividades de I+D. A nivel sectorial destaca a análise polo miúdo dos sectores da automoción e do deporte, e as estatísticas programadas para difundir datos sobre infraestruturas e producións forestais. Tamén se abordarán os escenarios macroeconómicos ou a renda municipal.

A oferta territorial aumentará coa publicación de resultados por comarcas e grandes concellos sobre equipamentos das vivendas e infraestruturas dispoñibles na contorna dos fogares galegos. Tamén se elaborarán indicadores da axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable.

O IGE seguirá a realizar as grandes enquisas dos programas anteriores, nomeadamente, a enquisa de poboación activa (EPA) e a enquisa estrutural a fogares (EEF), que completarán a súa difusión con información sobre o benestar social e flexibilidade nas condicións de traballo.

Derradeiro programa do Plan estatístico 2017-2021

Este será o derradeiro programa do Plan galego de estatística 2017-2021, que supón un marco legal que consolidará e ampliará os logros dos anteriores. Ademais, coloca a Galicia entre o reducido número de comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O plan asume expresamente o código de conduta adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo. Polo tanto, a organización estatística de Galicia queda sometida aos seus principios e o Goberno galego a impulsalos e respectalos. Algún destes principios son a imparcialidade, a obxectividade e a transparencia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR A 1ª FASE DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA QUE UNE GRILLOI E PONTECESO, EN CABANA DE BERGANTIÑOS, CUN INVESTIMENTO DE 1 M€

- *No orzamento inclúese o pagamento dos 17 predios necesarios para as obras*
- *Actuarase no treito da estrada AC-423 comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 5+350, coa finalidade de acadar unha mellora substancial da seguridade viaria*
- *A Consellería de Infraestruturas procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das obras no 1º trimestre do 2021*
- *Nesta 1ª fase mellorarase o firme naqueles tramos que se presentan deteriorados e rectificaranse as curvas de raio reducido, ademais executaranse 3 treitos de sendas peonís e renovarase o refuxio dunha parada de autobús*
- *A actuación súmase a outras infraestruturas executadas recentemente no concello, como a senda da AC-429 entre Neaño e A Carballa, o que supón un investimento da Xunta de 1,5 M€ para reforzar a seguridade e favorecer a mobilidade dos veciños*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar a 1ª fase de acondicionamento da estrada AC-423, que comunica Grilloi e Ponteceso, en Cabana de Bergantiños.

O investimento estimado polo Goberno galego para este proxecto e de máis de 1 millón de euros, no que se inclúe o orzamento para o pagamento das expropiacións dos 17 predios necesarios para executar esta actuación.

Trátase dunha actuación na estrada que conecta coa autovía da Costa da Morte, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 5+350, que ten como finalidade acadar unha mellora substancial da seguridade viaria e atender á demanda de conexión da poboación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre do ano 2021. Os traballos teñen un prazo de execución de 6 meses.

Segundo recolle o proxecto, nesta 1ª fase mellorarase o firme naqueles treitos que se presentan deteriorados e rectificaranse as curvas que teñan un raio reducido.

Ademais executaranse 3 treitos de sendas peonís en distintos puntos para conectar coas xa existentes. Concretamente, entre os puntos quilométricos 1+080 e 1+480, 7+464 e 8+212 e 9+703 e 9+946.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Consello da Xunta

Na intervención tamén está prevista a colocación de varandas de protección onde haxa desniveis maiores de 0,55 metros, así como a renovación do refuxio dunha parada de autobús.

Esta actuación súmase a outras infraestruturas executadas recentemente no concello, como a senda na estrada AC-429, que vai de Ponteceso a Laxe, entre os núcleos de Neaño e A Carballa.

Este itinerario, sumado ao acondicionamento da estrada AC-423, supón un investimento autonómico de 1,5 millóns de euros para reforzar a seguridade viaria e favorecer a mobilidade dos veciños de Cabana.

Nos seguintes planos amósase o treito en que se levarán a cabo as actuacións de mellora de seguridade viaria.



Plano de situación da AC-423



Exemplo do proxecto de mellora de trazado dunha curva



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA CAPACIDADE DO ENLACE DA AUTOVÍA DO SALNÉS COA ESTRADA PO-504 EN SANXENXO

- *A intervención suporá un investimento de preto de 340.000 euros, nos que se inclúe o pagamento das expropiacións dos 8 predios necesarios para executar as obras*
- *Trátase dunha actuación para o incremento da seguridade viaria no enlace da autovía AG-41 e a vía de altas prestacións VG-4.1 coa PO-504, e para mellorar a fluidez da circulación en momentos de moita afluencia de tráfico*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das obras no 1º semestre de 2021*
- *Esta actuación é compatible co desdoblamento da vía de altas prestacións VG-4.1 previsto na planificación da Xunta*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras de mellora da capacidade do enlace da autovía do Salnés coa estrada PO-504, en Sanxenxo.

O orzamento estimado polo Goberno galego para este proxecto ascende a preto de 340.000 euros, nos que se inclúe o pagamento das expropiacións dos 8 predios necesarios para executar esta actuación. Os traballos teñen un prazo de execución de 12 meses.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das actuacións no primeiro semestre de 2021.

Trátase dunha actuación de reforzo da seguridade viaria no enlace da autovía AG-41 e a vía de alta capacidade VG-4.1 coa PO-504 e que busca mellorar a fluidez da circulación en momentos de moita afluencia de tráfico que poden chegar a afectar a citada vía de alta capacidade. Hoxe en día, os vehículos que proceden da Lanzada en dirección Sanxenxo percorren un ramal de saída de 200 metros de lonxitude, de escasa lonxitude e con falta de fluidez de tráfico pola existencia dunha sinalización de stop no seu final.

O proxecto da Xunta busca, tanto a mellora da seguridade viaria como da fluidez do tráfico. Para iso propónse a modificación do ramal existente partindo da estrutura sobre a actual PO-504, para executar un ramal cun raio de xiro axeitado e ampliar a



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

calzada no tramo da estrada entre a glorieta do enlace de Sanxenxo e da PO-504, eliminando o stop existente e dotándoo dun carril adicional.

Tamén é necesario elevar a rasante actual do ramal da conexión entre glorietas para reducir a pendente de saída do ramal.

Tras entroncar coa vía actual, o novo ramal continúa configurando a estrada con dous carrís en sentido Sanxenxo, ata chegar á glorieta da PO-504, o que permite aumentar a capacidade e mellorar considerablemente o fluxo de tráfico.

Cómpre destacar que esta solución é compatible co desdoblamento da vía de alta capacidade VG-4.1 previsto na planificación da Xunta.

O proxecto redactado polo departamento de Infraestruturas da Xunta tamén inclúe solucións provisionais de tráfico que permitan manter aberto o ramal de saída da VG-4.1 durante a execución das obras, salvo momentos moi puntuais.

De seguido amósase plano da actuación coa montaxe da planta xeral sobre foto aérea:



A XUNTA APROBA O DECRETO PARA MANTER O COMPLEMENTO DAS PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS, NO QUE INVISTE UN TOTAL DE 8M€

- *Esta axuda aboarase de oficio nos primeiros dez días de xaneiro e beneficiará arredor de 38.000 persoas*

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se establecen as axudas complementarias ás pensións non contributivas da Seguridade Social e doutras prestacións semellantes, en que inviste un total de 8 millóns de euros. Este complemento ten carácter voluntario, xa que é impulsado por algunhas comunidades autónomas para axudar a aqueles colectivos que máis o precisan.

No caso galego, esta axuda suporá un pagamento único de 206 euros que se aboará nos primeiros dez días de xaneiro a arredor de 38.000 persoas. Entre os perceptores atópanse os pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, persoas anciás e enfermas con incapacidade para o traballo e beneficiarias de axudas periódicas, e as persoas con discapacidade que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Este complemento ingresarase de oficio a todos os beneficiarios que reúnan os requisitos, sen necesidade de solicitala nin levar a cabo ningún trámite adicional.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA DESTINA 2,5 MILLÓNS DE EUROS PARA AXUDAS ÁS COMUNIDADES E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA

- *As axudas teñen como finalidade contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal*
- *A orde tramitase en réxime de concorrència competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración establecidos nela*
- *As axudas que se conceden poden acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para dotación de equipamentos*
- *Ademais, mantense a posibilidade da concesión de anticipos de ata o 100 %, que se farán efectivos unha vez realizada a notificación da subvención*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % das axudas en réxime de concorrència competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais, por un importe de 2,5 millóns de euros. As axudas económicas que se conceden poden acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para dotación de equipamentos

As axudas teñen como finalidade contribuír a mellorar a calidade da vida local, a cohesión social e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal a través da realización de investimentos, tanto de obra como de equipamento, en inmoables da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso, e traídas de auga veciñais.

As asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais poden solicitar axudas destinadas ao acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais e compra de novos equipamentos, o que lles permite manter a actividade que desenvolven, así como a prestación de novos servizos e organización de actividades. No caso das comunidades de usuarios de augas, ademais dos anteriores investimentos, poderán destinar esta axuda a obras de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias.

Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais, que estean debidamente inscritas no correspondente rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia. As comunidades de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

usuarios de augas deberán estar inscritas no libro do rexistro de augas do correspondente organismo de bacía.

Todas deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociación de veciños ou como asociación de mulleres rurais e ter actualizados no rexistro os datos de composición da xunta directiva e estatutos da entidade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL DE ATENCIÓN AO PEREGRINO 2021 QUE TEN COMO OBXECTIVO OFRECER AXUDA *IN SITU* POR TODAS AS RUTAS XACOBEAS

- *O Plan de atención ao peregrino estará activado desde o día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021, e a súa implantación afecta 138 concellos, repartidos polas catro provincias galegas por onde discorren as dez rutas xacobeas*
- *Como novidades para este ano 2021 o plan recolle a análise de riscos, emerxencias sanitarias, extravío de persoas, atropelos e os riscos asociados aos fenómenos meteorolóxicos adversos, e risco alto, o risco de incendio forestal no contorno dos Camiños*
- *Un dos puntos novidosos deste PAP é a integración do informe de incidencias vía web na operativa diaria dos grupos de protección civil de atención ao peregrino, de xeito que se terá información actualizada con periodicidade diaria*
- *O PAP 2021 céntrase nas distintas rutas xacobeas que discorren por Galicia e poderase estender ás grandes aglomeracións de persoas en diferentes actos ou eventos, de distinta tipoloxía, relacionados co Xacobeo*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao proxecto de acordo do Plan de protección civil de atención ao peregrino 2021 (PAP 2021), unha vez que xa foi aprobado de maneira unánime a pasada semana na Comisión Galega de Protección Civil, que ten como obxectivo principal dar atención a todos os peregrinos por todas as rutas xacobeas desde o 1 de xaneiro.

A premisa principal do PAP 2021 é proporcionar aos peregrinos que cheguen a Galicia polas diferentes rutas xacobeas a atención continua *in situ* que poidan demandar naquelas situacións de emerxencia en que precisen axuda, facilitándose mediante os dispositivos ordinarios de atención ás emerxencias co apoio do voluntariado de protección civil, e prever os operativos necesarios para facer fronte a actos onde se prevexan grandes concentracións de persoas.

Entre as actuacións prioritarias que se realizarán no marco do PAP 2021 está a de patrullar, os grupos de Protección Civil, os distintos camiños e deste xeito garantir a atención dos peregrinos; esta atención comprende uns determinados servizos, que se detallan apropiadamente no plan. Outra das accións fundamentais é a de axudar nos dispositivos de control nos eventos con un elevado número de persoas, en colaboración con outros grupos operativos dependentes doutras administracións públicas.

Novidades PAP 2021



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Desde o ano 1999, a Xunta de Galicia puxo en marcha plans de protección civil de atención ao peregrino nos distintos anos xacobeos, sendo o último o correspondente ao ano 2010. Como novidades para este ano 2021 o plan recolle a análise de riscos, determinando como risco moderado o de aglomeracións, emerxencias sanitarias, extravío de persoas, atropelos e os riscos asociados aos fenómenos meteorolóxicos adversos, e risco alto, o risco de incendio forestal no entorno dos Camiños, ligado á épocas de perigo de incendios.

Outro dos puntos novidosos deste PAP 2021 é a integración do informe de incidencias VIA web na operativa diaria dos grupos de protección civil de atención ao peregrino, de xeito que se terá información actualizada con periodicidade diaria. Tamén é novo respecto ao ano 2010 o anexo que recolle as medidas de autoprotección, que se elaboraron conxuntamente con outros organismos e servizos de emerxencia, coma o 061, así como as previsións meteorolóxicas que Meteogalicia fai de xeito específico nos Camiños.

Outra novidade é a constitución do Grupo de Traballo do PAP 2021, este grupo de traballo compóñeno representantes da Axega, de Protección Civil, da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, do Concello de Santiago de Compostela, do Arcebispado de Santiago de Compostela, forzas e corpos de seguridade, das agrupacións de voluntarios de Protección Civil. O plan prevé que se reunirán, polo menos, unha vez ao mes para intercambiar información e programar as actividades que garantan os obxectivos. Deste xeito se asegura o seguimento das actuacións e a coordinación entre tódolos servizos que prestan apoio aos peregrinos no ámbito das súas competencia

Este plan debe estar en coordinación con outros plans e dispositivos que, ao abeiro do Xacobeo, se desenvolvan durante o ano 2021. Tamén, por tanto, todos os implicados no PAP 2021 deberán respectar en todo momento as recomendacións, restricións e medidas que, desde o ámbito sanitarios se van ditando para conter a pandemia pola covid-19, e que son cambiantes no tempo e no territorio.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA REDUCIR O RISCO DE INUNDACIÓN NO RÍO ANLLÓNS NO CONCELLO DE CARBALLO

- *Trátase de desenvolver os proxectos construtivos e executar as obras identificadas como prioritarias no plan de xestión específico desta área, declarada de risco potencial significativo de inundacións ao seu paso polo municipio coruñés*
- *O Executivo galego autoriza a sinatura do convenio de colaboración coa entidade local, polo que a Xunta financiará integramente as contratacións da redacción dos proxectos e das obras, así como a súa execución e xestión*
- *O Concello comprométese a pór á disposición os terreos necesarios e á realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como á recepción mantemento e conservación das actuacións executadas*
- *Propóñense actuacións na contorna da rúa Sol para a creación dun leito de augas altas, a remodelación integral do parque San Martiño, a modificación da ponte da rúa Fomento*
- *Tamén se prevé a realización dun bypass na zona de Muíño do Quinto e a mellora hidráulica do río ao seu paso polo enlace entre a autoestrada AG-55 e a AC-552*
- *O Goberno segue apostando pola colaboración entre todas as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ás inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento autonómico de 3 millóns de euros para impulsar as actuacións necesarias para reducir o risco de inundación no río Anllóns, ao seu paso polo concello de Carballo.

O Executivo autonómico dálle así o visto e praxe á sinatura do convenio de colaboración entre a entidade dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia e o concello coruñés, que permitirá a licitación da redacción dos proxectos construtivos e a execución das obras identificadas como prioritarias no plan de xestión específico da área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns.

Segundo o convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a entidade hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento destas actuacións, que están cofinanciadas con Fondos Feder 2014/2020.

Augas de Galicia levará a cabo a contratación da redacción e aprobación dos proxectos das intervencións que permitan reducir o risco de inundación nesta área do río Anllóns, a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Pola súa banda, o Concello de Carballo asume a posta á disposición dos terreos necesarios para o inicio das obras e a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, así como a obriga de recibir as obras que pola súa natureza sexan susceptibles de tal recepción e a asumir o seu mantemento e conservación. Tamén se compromete á utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Materialización do plan de xestión específico da ARPSI do río Anllóns

Augas de Galicia redacta e revisa cada seis anos a avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Neste proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como área de risco, leva consigo o posterior desenvolvemento de mapas de risco de inundación, para a súa incorporación ao Plan de xestión de risco de inundación.

No plan de xestión específico realizado na ARPSI do río Anllóns, Augas de Galicia considerou distintas opcións para realizar actuacións que contribúan a minimizar o risco de inundación.

Deste xeito, as actuacións que se consideran prioritarias, e que son as que se impulsarán a través deste convenio autorizado hoxe, son as seguintes: demolición de edificación e remodelación da ponte e creación dun leito de augas altas na rúa Sol; remodelación integral do parque San Martiño, coa construción de camallóns de protección fronte ás avenidas; remodelación da ponte sita na rúa Fomento, coa remodelación do leito e camallóns de contención augas abaixo da ponte; a mellora hidráulica do río Anllóns ao seu paso polo enlace entre a autoestrada AG-55 e a estrada AC-552, no lugar da Cepeira, en Sísamo; e realización dun bypass na zona de Muíño do Quinto.

O Goberno galego segue apostando pola colaboración entre todas as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ás inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias.

A XUNTA APROBA CONVOCAR 2,5M€ EN SUBVENCÍONS Á PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL GALEGA PARA 2021

- *O Consello autoriza as bases destas axudas, ás que poden optar longas de ficción en imaxe real e animación, documentais e curtas, así como películas e series televisivas*
- *Mantense a dotación da convocatoria de 2020, que incrementara un 25 % respecto á de 2019, así como a súa distribución en catro anualidades para axeitarse aos procesos levados a cabo polas produtoras*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego para 2021, que manteñen a súa dotación de 2,5 millóns de euros respecto a 2020 e consolidan deste xeito o incremento do 25 % acadado nas bases das últimas axudas adxudicadas este ano a 20 proxectos.

Este investimento, que se distribuirá por concorrência competitiva entre as propostas que presenten as produtoras galegas independentes, contribuirá ao financiamento de novos títulos de cinema e de televisión, tanto longas de ficción en imaxe real e animación, documentais e curtas, como películas e series televisivas.

A continuidade da dotación económica desta liña de apoio, a de maior contía dentro do programa anual de axudas públicas a este sector que xestiona a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, chega nun momento de gran visibilidade do sector, que pese á pandemia sanitaria mantivo o seu nivel de actividade en canto a rodaxes e estreos, conseguiu unha alta captación de fondos doutras administracións e obtivo recoñecementos en festivais internacionais de primeiro nivel.

Anualidades, anticipos e exención de garantía

O texto aprobado para a convocatoria de 2021 tamén conserva a modificación introducida en marzo deste ano, no sentido de ampliar de tres a catro anualidades tanto a distribución das contías concedidas como a súa xustificación por parte das compañías adxudicatarias en catro das cinco categorías convocadas: longametraxes cinematográficas de ficción (modalidade A), de animación (modalidade B) e documentais (modalidade C), así como producións e coproducións para a súa emisión televisiva (modalidade E). Para a modalidade D, destinada a curtametraxes, serán dúas as anualidades.

Tamén se prevé de novo a posibilidade de realizar pagamentos anticipados como entregas de fondos con carácter previo á xustificación de máis dun 50 % da subvención concedida, así como de eximir da obriga xeral de constituír garantías. Deste xeito, a través do acordo adoptado pola reunión do Consello da Xunta, autorízanse estas dúas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

excepcións sobre o Decreto de regulamento da lei de subvencións para que as empresas poidan enfrontar economicamente proxectos de certa envergadura, sempre que demostren a súa capacidade de financiamento e un avanzado estado de execución.

Estas medidas están orientadas a unha mellor adecuación aos períodos e procesos de produción cinematográfica e televisiva, así como a facilitar a constitución de novas empresas audiovisuais galegas. Tamén se persegue dotar de estabilidade e crecemento as compañías existentes, co obxectivo final de crear emprego e aumentar a materialización de obras audiovisuais de calidade que acheguen valor ao sector cultural galego e favorezan unha industria audiovisual competitiva dentro e fóra de Galicia.

Balance do ano audiovisual

Neste sentido, cómpre lembrar que o audiovisual galego pechará 2020 con tres filmes compartindo carteleira en cines comerciais: *A media voz*, de Matriuska Producións, *Hasta el cielo*, de Vaca Films, e *Ons*, de Maruxiña Film Company, e ás portas da estrea en Amazon Prime Video o vindeiro 22 de xaneiro de *3 Caminos*, proxecto da compostelá Ficción Producciones e a grande aposta audiovisual da Xunta para o Xacobeo 2021. *3 Caminos* será, ademais, a primeira serie transmedia sobre a Ruta Xacobeas que chegará a unha audiencia global a través desta plataforma.

O ano audiovisual tamén será recordado pola designación por primeira vez na historia á carreira aos Óscar de Hollywood dunha produción galega: *O que arde*, de Oliver Laxe, e pola presenza das nosas películas nas últimas edicións dos festivais de Berlín, Rotterdam, San Sebastián, Málaga, Sevilla ou Xixón.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS E DA DIRECCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DA CORUÑA, O NOVO CHUAC, POR PRETO DE 7,6 MILLÓNS DE EUROS

- *O contrato consiste na elaboración do proxecto urbanístico, na redacción dos proxectos básicos e de execución e na dirección das distintas fases das obras*
- *Nos vindeiros días licitarase o contrato que pon en marcha as próximas fases do Novo Chuac, que suporá un investimento total da Xunta de máis de 431 millóns de euros para blindar o futuro da sanidade pública na área da Coruña*
- *Este mesmo mes comezarán as obras da Fase 0, ás que a Administración autonómica destinará máis de 13 millóns de euros*
- *Os documentos técnicos seguirán o establecido no Plan funcional e Plan de espazos elaborado en diálogo co persoal sanitario, cos obxectivos de aumentar a superficie hospitalaria e incorporar novos e mellores servizos asistenciais*
- *Os documentos técnicos elaboraranse prevendo xa a posta en servizo por fases de diferentes unidades das obras*
- *O proxecto incluírá novas zonas de aparcadoiro e a execución das vías necesarias para dotar o complexo hospitalario público dos accesos axeitados*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato de servizo para a elaboración dos proxectos técnicos e para a dirección das obras do novo hospital público da Coruña por case 7,6 millóns de euros.

Tras esta decisión, o Goberno galego iniciará nos vindeiros días a contratación dos traballos para pór en marcha as próximas fases do Novo CHUAC, un proxecto en que a Administración autonómica investirá un total de máis de 431 millóns de euros co obxectivo de blindar a atención sanitaria do futuro na área da Coruña.

O contrato autorizado hoxe consiste na elaboración do proxecto urbanístico necesario para desenvolver o Novo CHUAC; na redacción dos proxectos básicos e de execución, tanto das distintas construcións como das demolicións previstas; e na dirección, control e vixilancia das obras nas súas distintas fases.

Os documentos técnicos cuxa elaboración se licita hoxe concretarán o establecido no Plan funcional e Plan de espazos do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, elaborado en diálogo co persoal sanitario, cos obxectivos de aumentar a superficie hospitalaria e incorporar novos e mellores servizos asistenciais.

A licitación prevé que se deseñen os proxectos técnicos de tal forma que sexa posible pór en funcionamento por fases diferentes unidades da obra, de forma que se poida ir mellorando e ampliando servizos o antes posible.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O proxecto incluírá novas zonas de aparcadoiro á disposición dos traballadores e usuarios dos servizos públicos, así como a reordenación e execución das vías necesarias para dotar o complexo hospitalario público da Coruña dos accesos axeitados. Esta reordenación viaria terá, ademais, unha importante funcionalidade para a cidade, na medida en que dará servizo ao barrio de Eirís e á futura Cidade das TIC.

A licitación das próximas fases do Novo CHUAC prodúcese tras a recente adxudicación das obras da Fase 0, que comezarán a executarse este mesmo mes. A Fase 0 suporá a ampliación das áreas dos servizos de urxencias, a creación dos novos hospitais de día, e tamén novos espazos destinados a farmacia. Esta fase inicial contará cun investimento que supera os 13 millóns de euros.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ PRETO DE 900.000 EUROS NA ADQUISICIÓN DE STENTS CORONARIOS

- *En total vanse adquirir 850 unidades ao longo de 12 meses*
- *Van destinados ás áreas sanitarias da Coruña e Cee; Santiago de Compostela e Barbanza; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, e Vigo*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación para a subministración de stents coronarios para varias áreas sanitarias. O orzamento desta contratación ascende a 888.250 euros, IVE incluído.

Con este orzamento vanse adquirir un total de 850 stents coronarios durante 12 meses, entre o vindeiro ano 2021 e 2022. Poderase prorrogar por outros catro anos. Esta nova contratación implica un aforro de 46.750 euros respecto do prezo actual de compra, é dicir, un 5 %.

Dado que as necesidades reais de subministración poden verse alteradas en función do número de pacientes e da demanda asistencial, se o número de unidades reais variasen respecto ás estimadas inicialmente, tramitarase a correspondente modificación de contrato. Estas modificacións poderán alcanzar ata o 20 % do prezo inicial do contrato.

Os stents coronarios son próteses endovasculares con forma de resorte que axudan a corrixir o estreitamento das arterias coronarias do corazón. Forman parte do material básico das unidades de Hemodinámica dos centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde. A Hemodinámica e CardioloXía Intervencionista é unha rama da CardioloXía que se encarga da realización de procedementos por vía percutánea, destinados o diagnóstico e corrección de cardiopatías tanto de orixe estrutural como de orixe isquémica coronaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA HABILITA UN INVESTIMENTO DE 32,2 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE AS NENAS E NENOS NACIDOS EN 2021 TEÑAN ACCESO Á TARXETA BENVIDA

- *Durante os seus catro anos de existencia, esta prestación contou cun orzamento acumulado de máis de 91 millóns de euros*
- *No ano 2020 introduciuse un complemento do 25 % para as familias que vivan en concellos de menos de 5000 habitantes, un complemento para as familias numerosas e a posibilidade de ampliar a axuda ata os catro anos de vida*

O Consello da Xunta habilitou un investimento de 32,2 millóns de euros para que as nenas e nenos nados no ano 2021 teñan acceso á Tarxeta Benvida, unha prestación que nos seus catro anos de existencia supera xa un orzamento acumulado de 91 millóns de euros. O seu obxectivo é atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces e produtos de hixiene ou farmacia.

Desde a súa creación no ano 2016, a Tarxeta Benvida achegou a máis de 66.600 familias unha axuda de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do cativo. Isto supón que oito de cada dez nenos nados neste período tiveron acceso a esta medida. Para acceder á Tarxeta Benvida durante o primeiro ano a renda anual familiar deberá ser inferior aos 45.000 euros ou menor de 13.500 euros *per capita*.

En 2018, a Tarxeta Benvida estendeuse ata o terceiro ano de vida da nena ou neno para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior a 22.000 euros. Así, para o primeiro fillo concedíanse 600 euros anuais; para o segundo 1200 euros anuais; e para o terceiro e sucesivos, 2400 euros anuais.

Xa no ano 2019, habilitouse a posibilidade de que a Tarxeta Benvida se solicitase durante o embarazo, para que non fixese falta esperar ao nacemento para comezar os trámites. Deste modo, para as familias que escollen esta opción, o prazo medio de espera para obter esta prestación pasou de dous meses e medio a un mes.

E no ano 2020, o Goberno galego introduciu catro novidades: un complemento do 25 % para as familias que vivan en concellos de menos de 5000 habitantes; un complemento para as familias numerosas, de xeito que os terceiros fillos e sucesivos perciban 2400 euros anuais desde o nacemento ata os tres anos, facilidades para a presentación de solicitudes por parte dos galegos retornados e a posibilidade extraordinaria de ampliar a Tarxeta Benvida ata os catro anos para as familias en situación de especial vulnerabilidade.

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 650.000 EUROS A ACHEGA AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR QUE DESENVOLVE A FUNDACIÓN MENIÑOS

- *Esta contía supón un 4 % máis ca en 2020 e un 56 % máis do que se destinaba a este fin ao inicio da anterior lexislatura*
- *A través desta iniciativa actúase nos fogares con menores vulnerables en tres dimensións: reunificación, preservación e funcionalidade do contorno familiar*

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para dar continuidade ao Programa de integración familiar durante o ano que vén, cun investimento que ascenderá a máis de 650.000 euros. Esta contía supón un incremento do 4 % respecto ao presente exercicio de 2020 e un 56 % máis do que se destinaba a este fin ao inicio da pasada lexislatura.

A través deste programa, que o Goberno galego sostén en solitario desde que no ano 2018 o Executivo central deixou de achegar financiamento, actúase nos fogares con menores vulnerables en tres dimensións: reunificación, preservación e funcionalidade do contorno familiar.

Así, por medio da reunificación familiar búscase facilitar o retorno á casa dos menores que están a residir en centros de acollida. Pola súa banda, coa preservación familiar actúase nun eido preventivo, evitando a separación do neno da súa contorna; e na área de funcionalidade familiar trabállase para evitar a deterioración da convivencia no fogar, como paso previo ás anteriores dúas fases.

Terapia e educación familiar

Para conseguir estes obxectivos empréganse tres ferramentas fundamentais. Unha delas é a intervención psicosocial, para mellorar o funcionamento persoal e familiar. Outra ferramenta é a terapia familiar, para resolver problemas psicolóxicos, de relacións ou de conduta das persoas encargadas de protexer os nenos, e unha terceira é a educación familiar, que persegue que os fogares adquiren as habilidades e hábitos necesarios para atender axeitadamente os nenos.

A previsión é que ao rematar este ano 2020, e a pesar das circunstancias excepcionais derivadas da pandemia da covid-19, o Programa de integración familiar terá atendido a 330 menores no seo dunhas 200 familias.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 14 MILLÓNS DE EUROS AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS PARA OS ANOS 2021 E 2022

- *O obxectivo deste plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas*
- *A repartición establecida para cada un dos concellos galegos fíxose con base nunha serie de criterios previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)*
- *A convocatoria destas axudas sairá publicada no Diario Oficial de Galicia ao longo do mes de xaneiro e os concellos terán un mes para solicitálas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para conceder axudas aos concellos de Galicia a través do Plan marco de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, co fin de seguir traballando na mellora das infraestruturas rurais. Para iso, a consellería achegará máis de 14 millóns de euros de fondos propios que se xestionarán a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), distribuídos en dúas anualidades duns 7 millóns de euros cada unha.

O obxectivo que se quere alcanzar con este plan é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais mediante o acondicionamento das principais vías de comunicación e outras infraestruturas. Estes camiños melloran o acceso ás 30.000 entidades de poboación nas cales se asentán as vivendas da poboación rural e supoñen as canles de entrada e saída das producións agrarias que precisan os negocios desta contorna. Por iso, a Xunta quere facilitar con estas actuacións a accesibilidade e vertebración do territorio, dinamizando o tecido produtivo ao contribuír á mellora da capacidade organizativa destas áreas rurais.

Para chegar a cada un dos concellos da nosa comunidade, establecéronse unha serie de criterios de distribución das asignacións económicas que foron previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Estes criterios determináronse con base en indicadores obxectivos, a partir dun importe fixo por concello, habitante e entidade de poboación, dentro duns límites de máximos e mínimos, co fin de garantir unha repartición equitativa entre a totalidade de concellos. A estas variables incorporáronse factores correctores vinculados á superficie do concello, o peso do agro no municipio e o grao de despoboamento e de envellecemento. Ademais, prevense un incremento do 50 % para aqueles concellos fusionados.

A finalidade destas axudas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais, incluíndo tanto actuacións que supoñan un incremento da largura



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes. Porén, quedan excluídas as actuacións en rúas interiores, dentro dos núcleos de poboación.

O orzamento previsto para esta nova convocatoria, que sairá publicada a principios de ano no *Diario Oficial de Galicia*, repartirase por provincias da seguinte forma: 4,3 millóns de euros para A Coruña, outros 3,6 millóns de euros para Lugo, para Ourense van 3,4 millóns de euros e 2,8 millóns de euros para os concellos da provincia de Pontevedra.

O SECTOR AGRÍCOLA AFORRARÁ UN MILLÓN DE EUROS AO ANO GRAZAS AOS APOIOS DA XUNTA PARA IMPULSAR O USO DAS ENERXÍAS RENOVABLES E A EFICIENCIA ENERXÉTICA

- *O Goberno galego aproba as bases das convocatorias de axudas que, cun importe de 2,5M€, están dirixidas a empresas e autónomos do ámbito agrícola primario para que poidan optimizar o seu consumo enerxético e desenvolvan proxectos de biomasa, biogás, aerotermia, xeotermia, solar térmica, fotovoltaica e eólica*
- *Os apoios favorecerán a mobilización de 8,5 millóns de euros en 200 proxectos, a creación de arredor de 70 empregos e un aforro de enerxía anual equivalente a 920.000 litros de gasóleo*
- *A principal novidade é o paso a un réxime de concorrència competitiva e que se favorecerán os investimentos en zonas xeográficas con menor poder económico e en explotacións agrícolas que carezan de instalacións renovables*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe as bases das convocatorias de axudas para impulsar proxectos tanto de enerxías renovables como de aforro e eficiencia enerxética. Dirixidas ao sector agrícola primario, as empresas e autónomos deste ámbito poderán aforrar un millón de euros ao ano na súa factura eléctrica.

As axudas –que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Inega, publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG)– contan cun orzamento de 2,5 millóns de euros, o que facilitará a mobilización dun investimento final público-privado de 8,5M€ en aproximadamente 200 proxectos.

Pensadas para empresas e autónomos do sector agrícola primario –ben directamente ou a través de compañías de servizos enerxéticos–, promoverán instalacións de biomasa, biogás, aerotermia, xeotermia, solar térmica, fotovoltaica e eólica, así como actuacións de mellora da eficiencia que reduzan o consumo inicial en, polo menos, un 40 % en proxectos de iluminación ou nun 10 % no resto de iniciativas. As actuacións que poden acollerse ás axudas inclúen equipamento principal de xeración, custo da montaxe e posta en marcha.

A contía das axudas será do 30 % do custo elixible no caso de grandes empresas, 40 % para medianas e 50 % para pequenas ata un máximo de 100.000 euros por proxecto e 300.000 por empresa, salvo nas instalacións de autoconsumo colectivo nas cales se poderán alcanzar os 500.000 euros por proxecto e empresa.

Nesta ocasión as axudas serán de concorrència competitiva co obxectivo de priorizar a implantación de instalacións renovables en explotacións agrarias que carezan delas e



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

as situadas en zonas economicamente menos favorecidas, para o que se terán en conta os datos do IGE da renda dispoñible bruta por habitante dos concellos galegos.

Con esta convocatoria preténdense fomentar os investimentos neste tipo de proxectos, reducir os custos enerxéticos promovendo a competitividade empresarial, diminuír o consumo de enerxías convencionais, propiciar a mellora socioeconómica das áreas rurais e a súa protección ambiental e reducir o período de pagamento aos provedores. Prevese crear arredor de 70 postos de traballo, reducir as emisións en 3600 toneladas de CO₂ ao ano cun impacto equivalente á plantación de 180.500 árbores, e un aforro enerxético de 920.000 litros de gasóleo.

A Xunta convocou por primeira vez en 2017 unha liña específica de proxectos renovables para este sector e, desde entón, xa se levan apoiado máis de 500 iniciativas con axudas que superan os 7,7M€.



A XUNTA IMPULSARÁ A COMPETITIVIDADE DOS PARQUES EMPRESARIAIS E A CREACIÓN DE NOVOS VIVEIROS INDUSTRIAIS A TRAVÉS DE AXUDAS QUE MOBILIZARÁN 4,3M€ EN GALICIA

- *O Consello dá luz verde á convocatoria da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para a mellora das infraestruturas de 28 polígonos e a implantación de catro viveiros*
- *Os concellos emprendedores terán prioridade á hora de acceder a estas dúas convocatorias que se abrirán a principios do próximo ano*
- *Entre ambas as iniciativas, desde a súa posta en marcha, o Goberno galego leva apoiado 593 proxectos en 150 parques empresariais e impulsado 13 viveiros industriais*
- *Ademais, seguiranse executando os catro millóns de euros correspondentes á liña para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica dos polígonos*

O Consello da Xunta de Galicia avaliou esta mañá as dúas novas axudas para a mellora dos parques empresariais galegos e a creación de novos viveiros industriais. Ambas as convocatorias se abrirán a principios do próximo ano e prevese que permitan a mobilización de 4,3 millóns de euros.

O Goberno galego reserva un total de 2,3M€ á orde de axudas de mellora das infraestruturas dos parques empresariais con que se agarda apoiar arredor de 28 proxectos e mobilizar así máis de 3 millóns de euros. Cunha intensidade do 80 % e un límite de 120.000 euros para solicitudes individuais e 138.000 para solicitudes de máis dun concello, impulsaranse actuacións de plantas de depuración de augas, xestión de residuos, infraestruturas viarias, instalación de sistemas de seguridade e vixilancia, de sistemas contra o roubo de cable e instalacións comúns destinadas á loita contra incendios no parque.

Con esta liña, da que se poden conceder anticipos de ata o 25 %, preténdese favorecer unha actualización permanente dos parques industriais da Comunidade para dar resposta ás necesidades de infraestruturas, comunicacións ou de adecuación ás novas exixencias.

Por outra banda, destínanse 800.000 euros á creación de viveiros industriais de empresas co obxectivo de apoiar os novos empresarios nas súas primeiras etapas de actividade. Agárdase mobilizar 1,25M€ en catro instalacións. Cunha intensidade do 80 % das axudas e un límite de 240.000 euros por solicitude, fomentaranse actuacións de construción, reforma ou equipamento interior de naves industriais, das que debe ser titular o concello que solicite as axudas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En ambas as convocatorias valorarase, entre outras cuestións, que os solicitantes sexan *concellos emprendedores*, pero tamén se terá en conta a superficie do parque empresarial, o nivel de ocupación ou a poboación do municipio.

Estas actuacións enmárcanse na aposta da Xunta por impulsar a actividade industrial e mellorar a competitividade dos parques empresariais grazas á mellora das súas infraestruturas e ao impulso da creación de novas empresas que permiten xerar emprego. Desde a súa posta en marcha, a través destas dúas liñas, lévase apoiado 593 proxectos de mellora nos parques empresariais e impulsados 13 viveiros industriais.

Redes de distribución eléctrica

Ademais, durante o ano 2021, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, seguirá coa execución dos catro millóns de euros outorgados este ano a un total de oito proxectos nunha terceira orde de axudas dirixida a reforzar a extensión das redes de distribución eléctrica dos parques empresariais.

Trátase dunha liña activada en 2020 por primeira vez e coa que se prevén mobilizar 5,2 millóns de euros. Estas iniciativas contribuirán a garantir a seguridade e a calidade do servizo, atendendo así as demandas das empresas afincadas nos polígonos industriais de Galicia.

A XUNTA DESTINARÁ O PRÓXIMO ANO MÁIS DE 2,6 MILLÓNS A AXUDAS PARA COMPENSAR E EVITAR OS DANOS OCASIONADOS POLA FAUNA SILVESTRE

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará catro ordes nas próximas semanas: unha destinada a paliar os ataques do lobo, outra para cubrir os danos do xabaril, unha terceira para medidas de prevención fronte a certas especies e, como novidade, unha orde para indemnizar polos danos do oso pardo*
- *Estímase que, en total, poderanse conceder arredor de 3.000 subvencións*
- *Este paquete de axudas públicas enmárcase na estratexia do Goberno galego para facer fronte aos ataques de especies salvaxes sobre o sector agrogandeiro*

O Goberno galego destinará o próximo ano un total de 2,63 millóns de euros á concesión de axudas para prever e paliar os danos ocasionados pola fauna silvestre. Esta contía mobilizarase a través de catro liñas de subvencións públicas diferentes que comparten a finalidade de minimizar o impacto que causan estas especies sobre as explotacións agrarias e gandeiras e contribuír así a manter o equilibrio e conciliar a existencia destes animais na Comunidade Autónoma e a viabilidade e os intereses do sector primario.

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá un informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en que se recollen o contido e os aspectos principais deste paquete de subvencións relacionadas coa fauna silvestre, que se convocarán de forma escalada ao longo das vindeiras semanas.

Tendo en conta o orzamento dispoñible e o resultado de convocatorias anteriores, estímase que en 2021 se poderán conceder arredor de 3.000 subvencións a propietarios de explotacións gandeiras (incluídas as apícolas) que poidan sufrir ataques de lobos ou osos, e a titulares de explotacións agrícolas profesionais ou de autoconsumo afectadas polo xabaril.

Así, con respecto á orde de axudas para paliar os danos producidos polo lobo, a convocatoria do próximo ano contará cunha partida de 646.224 euros, o que supón un incremento do 61,5 % respecto aos 400.000 euros que se destinaron a esta liña en 2020.

As contías concedidas variarán en función das especies afectadas e dos tramos de idade, oscilando entre os 26 euros dun exemplar de gando ovino/cabrún adulto e os 1.817 euros dunha vaca de raza autóctona de entre dous e seis anos de idade. Estes importes poderán incrementarse nun 30 % en determinados concellos indicados na propia orde e nun 10 % no caso daquelas explotacións en que se teña comprobado a



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

aplicación de medidas preventivas avaliadas de xeito favorable. Tamén serán subvencionables os gastos veterinarios, de eutanasia e animais abortados como consecuencia do acto de depredación.

Axudas de ata 2.000 euros por danos do xabaril

En canto á orde de axudas para paliar os danos dos xabarís sobre os cultivos agrícolas, o ano que vén resérvanse para este programa 1.447.300 euros. As contías das subvencións que se concedan dependerán da superficie afectada e poderán chegar ata un máximo de 2.000 euros por beneficiario, o que supón unha importante novidade xa que se incrementa o importe límite respecto ao de 2020, cando estaba fixado en 1.700 euros.

Outra das novidades do paquete de axudas fronte á fauna salvaxe para 2021 é que haberá orzamento reservado para previr e paliar os danos causados polo oso pardo, circunstancia que afecta principalmente a provincia de Lugo. Deste xeito, froito da experiencia acadada pola Xunta nos últimos anos a través da xestión dos proxectos europeos *Life*, sacarase por primeira vez unha liña específica con 60.000 euros para indemnizar polos danos do oso.

As contías variarán en función das especies afectadas e, no caso concreto das explotacións apícolas, dos elementos danados da alvariza e do grao de afectación (danos completos ou parciais na colmea, perda de mel, enxames...). Tamén serán subvencionables os danos ocasionados aos rolos de herba como consecuencia da acción do oso, fixándose a indemnización en 30 euros por rolo completo e 10 euros polo plástico envolvente.

Prevención fronte ao lobo, o xabaril e o oso pardo

Continuando coa aposta da Xunta nos últimos anos polas medidas de prevención e unha vez constatada a súa efectividade como complemento ás indemnizacións, tamén se convocará en 2021 unha nova orde de axudas para previr e evitar os danos derivados dos ataques da fauna silvestre. Así, o ano que vén esta liña estará dotada con 480.000 euros fronte aos 350.000 da orde de 2020, o que supón un aumento do 37 %.

Desta contía, 300.000 euros reservaranse para danos causados polo lobo. Concretamente, 200.000 euros para a adquisición de cans protectores e defensores do gando, pastores eléctricos e cerrumes móbiles de malla electrificada, e 100.000 euros para a compra e instalación de valados fixos. Outros 150.000 euros da orde de axudas de prevención irán destinados a tratar de evitar os danos provocados polos xabarís mediante a adopción dalgunha das medidas de protección sinaladas anteriormente.

En todo caso, a principal novidade da convocatoria desta orde o próximo ano é que se inclúe unha partida de 30.000 euros para subvencionar a adquisición de pastores



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

eléctricos co fin de protexer as explotacións apícolas que se poidan ver afectadas polo oso pardo.

Neste caso, terán preferencia no baremo aplicable aquelas granxas que xa teñan experimentado danos previos e estean situadas nos concellos da zona oseira e a súa área de influencia (é dicir, Baleira, Cervantes, Folgoso do Caurel, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Rubiá, Samos, Triacastela e Vilamartín de Valdeorras).

En canto á contía das axudas para prevención de danos producidos pola fauna silvestre, calcularanse en función dun baremo fixado na propia orde atendendo a diferentes aspectos.

En todo caso, as axudas poderán ser de ata 500 euros por can protector do gando; ata tres pastores eléctricos e 600 euros ou ata oito mallas e 800 euros por explotación; e no caso de valados fixos electrificados, subvencionarase un máximo de dous valados cun importe de ata 1.500 euros cada un, mentres que para os valados fixos con malla gandeira ou cinxética metálica a axuda cubrirá ata dous valados por un importe máximo de 3.700 euros.

6,6 millóns en axudas desde 2016

En total, desde o ano 2016 a Xunta mobilizou preto de 6,5 millóns de euros a través das diferentes convocatorias das ordes de axuda en materia de indemnización e prevención de danos ocasionados polo lobo e o xabaril. No caso do oso, a compensación dos danos detectados realizábase ata o de agora mediante a tramitación de expedientes de reclamación patrimonial, polo que se estimou oportuno incorporar ao paquete de ordes anuais de compensación de danos ocasionados polo lobo e o xabaril unha liña específica para indemnizar os afectados por esta especie protexida en zonas oseiras de Galicia.

Tres dos catro programas de axudas en materia de indemnización e prevención de danos da fauna silvestre para o ano 2021 convocaranse nas próximas semanas, mentres que a liña reservada ás indemnizacións polo oso pardo non sairá previsiblemente ata o mes de marzo. A Xunta cumpre así co compromiso adquirido co sector agrogandeiro e, ao igual que nas dúas anualidades anteriores, publicará as axudas de prevención e as dos danos do lobo e do xabaril por anticipado de gasto. Así, garátese que saian convocadas a comezos de ano, cubrindo os dous períodos críticos para o sector: a sementeira e a recollida do millo.

Cómpre lembrar que desde hai anos o Goberno galego convoca axudas para paliar e previr os danos ocasionados pola fauna silvestre como un complemento efectivo ás medidas de xestión destas especies. De feito, desde o ano 2009 conta cun Plan de xestión do lobo que ten como fin garantir a viabilidade desta especie, mantendo unha



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

poboación estable e compatible coa viabilidade das explotacións gandeiras nas zonas en que se asentán.

De igual xeito, a Xunta tamén impulsou hai anos o chamado Plan de acción global do xabaril para abordar a abundancia desta especie na Comunidade desde varias perspectivas e que se ve complementado con este paquete de axudas para lograr diminuír na medida do posible os danos que ocasiona esta especie. En canto ao oso pardo, trátase dunha especie catalogada como en perigo de extinción polo que un dos obxectivos claves para a súa xestión é minimizar os posibles danos e conflitos que ocasiona.

A XUNTA ACTIVARÁ UNHA PLATAFORMA INFORMÁTICA PARA POÑER EN CONTACTO PROPIETARIOS DE NÚCLEOS RURAIS ABANDONADOS COS INTERESADOS NA SÚA ADQUISICIÓN

- *O Consello da Xunta coñeceu o informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre esta iniciativa que porá en servizo o Instituto Galego de Vivenda e Solo*
- *Segundo os datos do Instituto Galego de Vivenda e Solo en Galicia existen 1.889 son núcleos de poboación con 10 vivendas, como mínimo, ou que acolleron máis de 50 habitantes*
- *Cómpre lembrar que a Consellería de Medio Ambiente presentou un Pacto Social pola Vivenda, que recolle como unha das novidades o impulso á mellora de vivendas en núcleos rurais*

A Xunta de Galicia porá a disposición dos concellos galegos unha plataforma informática que posibilitará o rexistro de núcleos rurais abandonados e a súa difusión pública para que os seus propietarios poidan ofrecer os seus inmobles en venda ou alugamento. Esta ferramenta permitirá poñer en contacto aos propietarios de inmobles en núcleos rurais abandonados con quen estea interesado na súa adquisición ou alugamento para proceder á rehabilitación e posta en valor destes.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, informou o Consello da Xunta da próxima posta en servizo desta plataforma, que podería estar operativa no próximo mes de xaneiro de 2021.

Na plataforma aparecerán datos como a descrición do inmovble, referencia catastral, situación urbanística, superficie, prezo de venda ou de alugamento (que tamén se indicará se existe opción a compra). Ademais, como adxuntos, poderán engadirse fotografías do inmovble e planos, o estado do inmovble (bo, malo, regular), número de estancias, existencia de garaxe, edificios anexos, eficiencia enerxética, etc.

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, en xaneiro de 2019 existían en Galicia 3.900 entidades de poboación rural abandonadas, das que 1.889 son núcleos de poboación con 10 vivendas polo menos ou, no caso de ter menos vivendas, acolleron non menos de 50 habitantes. Ademais existen outras 2.011 entidades dispersas, con características que non permiten cualificalas como núcleos de poboación ao non acadar as condicións indicadas para esa cualificación.

A aplicación é unha das ferramentas que establece a Lei de rehabilitación de 2019, que recolle ás obrigas de conservación e rehabilitación dos inmobles por parte dos seus propietarios e as consecuencias de non facelo, pero tamén establece os mecanismos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de intervención pública para impulsar e fomentar a recuperación do construído, entre os que se atopa a plataforma informática en que traballa a Xunta de Galicia.

Para a súa aplicación, a Xunta invitará a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Colexio de Axentes da Propiedade Inmobiliaria a colaborar nesta iniciativa, co obxectivo de que esta plataforma integre o maior número posible dos núcleos abandonados existentes en Galicia e sirva para o coñecemento de todos os interesados.

Cómpre recordar que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda elaborou un Pacto Social pola Vivenda, que inclúe unha medida para impulsar a mellora de vivendas en núcleos rurais con axudas para particulares que sexan autopromotores de vivendas en núcleos rurais de concello con saldo demográfico negativo.

SANIDADE DESTINA PRETO DE TRES MILLÓNS DE EUROS PARA FACER FRONTE Á COVID-19 NA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

- *A maior parte desta cantidade, máis de 1,7 millóns de euros, son para material de laboratorio e material sanitario*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia dun expediente de contratación, por valor de 2.951.458 euros, para subministrar material, prestar servizos e realizar pequenas obras na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, no contexto da loita contra a covid-19.

No actual contexto da pandemia polo coronavirus, faise necesario a adaptación de espazos e un mantemento máis intensivo de todos os equipamentos, Así mesmo é fundamental investir na adquisición de materiais de protección, así como terapéuticos e de diagnóstico, e reforzar determinadas tarefas tales como as de limpeza e seguridade ou transporte entre outras.

Así, visto máis polo miúdo este orzamento de preto de tres millóns de euros, destaca unha partida de 1.705.443 euros que se dedica á adquisición de material de laboratorio. No mesmo apartado de adquisición de bens, cómpre subliñar tamén que se destina arredor de medio millón de euros (489.354 euros) para a compra de material sanitario e instrumental.

En canto ao referido aos servizos, os investimentos máis importantes destínanse ao reforzo de tarefas de limpeza e aseo, cun orzamento de 391.714 euros; e ao tema de transportes, ao cal se lle dedica un total de 202.304 euros. Ademais prevense outros 40.016 euros para o servizo de seguridade.

O resto do deste orzamento vai principalmente para actuacións en pequenas obras de adecuación de espazos, mantemento de maquinaria e equipamentos, mobiliario e utensilios.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.



O RECORTE DAS COTAS DE PESCA FIXADO EN BRUXELAS PARA 2021 TERÁ UN IMPACTO DE ARREDOR DE 26 MILLÓNS DE EUROS NA ECONOMÍA GALEGA

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que cuantifica a incidencia da rebaixa das posibilidades de captura para o ano que vén tanto na frota como no resto de ramas de actividade da comunidade*
- *As consecuencias negativas directas na frota da comunidade superan os 11 millóns de euros e Galicia soporta o 63 % do impacto no conxunto dos buques do caladoiro Cantábrico-Noroeste co arrastre de litoral como principal afectado*
- *O acordo do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea repercute nuns 2.300 tripulantes que poden ver reducidas as súas retribucións en máis de 1.700 euros anuais e terá un impacto indirecto nas empresas de abastecemento de recursos como combustible, xeo ou víveres duns 5,6 millóns de euros*
- *Galicia considera moi negativo o resultado das negociacións en Bruxelas, que supón perder case un 7,6 % das cotas no Cantábrico-Noroeste, e traballará da man do sector para tratar de paliar os seus efectos*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe elaborado pola Consellería do Mar que cuantifica o posible impacto que terán na economía galega os recortes nos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas aprobados a semana pasada no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea para augas comunitarias. O documento cifra en arredor de 26 millóns de euros as consecuencias negativas do acordo acadado en Bruxelas para o conxunto de actividades vencelladas co sector pesqueiro galego, que ten incidencia dalgún xeito en 64 das 81 ramas de actividade económica existentes na comunidade.

As rebaixas das posibilidades de pesca fixadas para o ano que vén no caladoiro Cantábrico-Noroeste -nas augas do Gran Sol e Francia quedan establecidas proporcionalmente as mesmas cotas que en 2020 para o primeiro trimestre do ano e á espera do resultado das negociacións sobre o brexit- terán unha incidencia directa na frota pesqueira galega de máis de 11 millóns de euros, o equivalente aos ingresos que deixará de percibir pola primeira venda desas toneladas de captura que se perden.

A análise realizada pola Xunta mostra tamén que Galicia concentra o 63 % da incidencia das reducións de capturas en augas do Cantábrico-Noroeste -entre as que se inclúen as do 12,5 % para o peixe sapo no Cantábrico, do 5 % para a pescada sur ou do 20 % tanto para o linguado como para o abadexo no Cantábrico- cun impacto total no conxunto da frota española que supera os 17,5 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O segmento de buques máis afectado en Galicia polo acordo adoptado en Bruxelas é o arrastre de litoral, cun descenso dos seus ingresos estimado de preto de 7,5 millóns de euros, máis do 67 % do potencial impacto directo para o conxunto dos buques galegos. A segunda frota que sufrirá un maior impacto será a de artes menores, cun global por enriba dos tres millóns de euros, case o 28 % do total.

O informe tamén cuantifica a incidencia no sector desde o punto de vista laboral e mostra que as reducións de cotas acordadas en Bruxelas afectan máis de 2.300 tripulantes da frota galega do Cantábrico-Noroeste, cun impacto potencial sobre os salarios dos mariñeiros de máis de catro millóns de euros. Deste xeito, as retribucións dos tripulantes dos buques poderían verse reducidas nunha media que supera os 1.700 euros anuais.

A estimación realizada por Galicia sobre o acordo de TAC e cotas non só ten en conta o impacto directo na frota e nos seus tripulantes senón tamén a incidencia indirecta sobre os bens e servizos provistos aos barcos, que cifra nuns 5,6 millóns de euros incluíndo os gastos de abastecemento de combustible, xeo, víveres, servizos de reparación ou administrativos, entre outros.

Balance do acordo

O informe tamén fai balance do acordo acadado no Consello de Ministros de Pesca da UE e cualifícao de sumamente decepcionante pois apenas supuxo melloras en relación coa proposta inicial da Comisión Europea. Neste Consello só existen cifras completas para 17 *stocks* -o resto son compartidos co Reino Unido- e deles unicamente soben as posibilidades de pesca en tres mentres que nun se manteñen e baixan en 13.

O resultado global dos TAC e cotas no Cantábrico-Noroeste para o vindeiro ano supón un descenso de case o 7,6 % con respecto a 2020, polo que o Executivo galego considera o acordo moi negativo. De feito, dos 24 obxectivos de importancia sinalados por Galicia de cara á negociación en Bruxelas só se acadaron, total ou parcialmente, oito. Entre eles están a non inclusión dun TAC para a sardiña e a robaliza, a reedición da bolsa de cotas para facer fronte á obriga de desembarque e o freo ao peche da anguía.

Traballo co sector

Ante esta situación, a Xunta non escatimará esforzos en demostrar ás autoridades europeas que a pesca ten futuro e que en Galicia se practica de xeito responsable, polo que traballará da man do sector para tratar de paliar os efectos dun acordo de TAC e cotas para 2021 que afectará en gran medida o desenvolvemento da súa actividade no próximo exercicio.

O Executivo galego lembra que na xestión pesqueira deben terse en conta tanto os aspectos ambientais como os económicos e sociais e lamenta a falla de sensibilidade



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

mostrada por Bruxelas cara a un sector que foi esencial durante a pandemia e que traballou sen descanso, en ocasións a pesar de non ser rendible. Ao mesmo tempo, subliña, tampouco se tiveron en conta os efectos da pandemia e a incerteza existente polo brexit na fixación das posibilidades de pesca.